

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 3 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de celador/a, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e se inicia o prazo para a elección de destino.*

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 11 de febreiro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 34, do 19 de febreiro), habilitouse o prazo dun mes para que os/as aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo para o acceso á categoría de celador/a, convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo), presentasen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria.

A base novena da Resolución do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo), de convocatoria do proceso dispón que, logo de comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as, as prazas que se lles oferten e o procedemento e prazo para que estes/as manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

En virtude do exposto, unha vez comprobada a documentación dos/das aspirantes e finalizados os prazos de impugnación administrativa contra a Resolución do 11 de febreiro de 2020 pola que se fan públicos os acordos do tribunal da categoría de celador/a, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar, como anexo I, pola orde de puntuación total obtida no proceso, a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de celador/a, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 1 de marzo de 2018.

Segundo. Aprobar a relación de prazas que se ofertan aos/ás aspirantes seleccionados/as neste proceso, e que figura como anexo II desta resolución.



Terceiro. Abrir un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao desta publicación, para que os/as aspirantes que constan nesta resolución seleccionen os destinos ofertados por orde de prelación, no modelo de formulario que figura como anexo III desta resolución e que consta, así mesmo, en formato editable, á disposición dos/das aspirantes, na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

A selección de destinos no dito formulario efectuarase consonte o seguinte procedemento:

a) O/a aspirante cubrirá os seus datos persoais e seleccionará os destinos ofertados por orde de prelación, de maior a menor preferencia.

b) Para os efectos da súa indicación no formulario, o/a aspirante deberá identificar os destinos polo concello onde están situados.

c) Logo de efectuada a selección de prazas, deberá asinar o formulario e presentalo nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución.

d) O formulario irá dirixido á Dirección Xeral de Recursos Humanos. Edificio Administrativo San Lázaro, s/n. 15703 Santiago de Compostela.

Os/as aspirantes que, neste prazo e conforme o procedemento establecido, non seleccionen ningún destino non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán sen efecto todas as súas actuacións neste proceso.

Cuarto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2020

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos



## ANEXO I

**Relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as**

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Nota OPE	Formación	Experiencia	Total
1	***8315**	Orge Rodríguez, Xabier	DI	93,000	8,000	12,000	113,000
2	***3817**	Osorio Peláez, Pablo	DI	100,000	8,000	1,800	109,800
3	***6377**	Prieto Vale, Dolores	DI	93,000	8,000	8,500	109,500
4	***6389**	García García, Débora	DI	100,000	8,000	0,100	108,100
5	***1494**	Brage Eibe, María del Carmen	DI	97,000	4,000	6,100	107,100
6	***5748**	Vázquez Torreiro, Guadalupe	DI	94,000	8,000	4,700	106,700
7	***3693**	De La Torre Conde, Miguel Ángel	DI	100,000	5,400	0,000	105,400
8	***3335**	Fernández Lorenzo, Javier Antonio	DI	91,000	8,000	5,350	104,350
9	***0623**	Brea Conde, José Manuel	DI	100,000	0,000	3,950	103,950
10	***9009**	Pulido Barba, Camilo	DI	94,000	8,000	0,050	102,050
11	***6068**	Corredoira Taboada, David	DI	93,000	8,000	1,050	102,050
12	***8524**	Bastón Suárez, Carlos	DI	100,000	1,350	0,000	101,350
13	***8544**	Méndez Saavedra, Víctor José	DI	100,000	0,090	0,000	100,090
14	***5910**	Bispo Torres, Kamakshi-Shantia	DI	100,000	0,000	0,000	100,000
15	***9254**	Barreiro Lestón, Eliseo	DI	93,000	4,000	2,950	99,950
16	***0205**	López Rico, Diego	DI	91,000	8,000	0,500	99,500
17	***9806**	Valiño Rodríguez, Francisco Javier	DI	97,000	2,400	0,000	99,400
18	***9828**	Briones Da Silva, Stefany	DI	97,000	1,500	0,400	98,900
19	***3413**	Andrade Lorenzana, Adrián	DI	90,000	8,000	0,800	98,800
20	***0996**	Ferreiro Rodríguez, Mónica	DI	90,000	4,000	4,650	98,650
21	***4565**	Rivera Miras, Lucía	DI	90,000	8,000	0,550	98,550
22	***4908**	Sánchez Castro, Alfonso María	DI	78,000	8,000	12,000	98,000
23	***3953**	Vila Fernández, Noé	DI	97,000	0,000	0,000	97,000
24	***2988**	De Sousa García, Óscar José	DI	89,000	8,000	0,000	97,000
25	***8863**	Álvarez Álvarez, Ceus	DI	90,000	0,300	6,350	96,650
26	***6505**	Lago Valtierra, Rubén	DI	95,000	0,000	1,200	96,200
27	***4238**	Costoya Jul, Ana María	DI	96,000	0,000	0,000	96,000
28	***2518**	Filgueiras Sanesteban, Nerea	DI	88,000	8,000	0,000	96,000
29	***3712**	Carrillo Fernández, Francisco	DI	88,000	6,900	0,850	95,750
30	***0882**	Varela Saavedra, Óscar	DI	94,000	1,500	0,000	95,500

(\*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.



## ANEXO II

**Destinos que se ofertan**

Centro directivo	Centro/s	Quenda	Concello	Núm. de prazas
A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	-	A Coruña	5
A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	-	Ferrol	4
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	-	Lugo	5
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	-	Burela	1
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	-	Ourense	2
A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	-	Vilagarcía de Arousa	2
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	-	Santiago de Compostela	8
A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	-	Vigo	3



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADESERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDEDirección Xeral  
de Recursos Humanos**ANEXO III: FORMULARIO DE SELECCIÓN DE DESTINOS**

<b>D./Dña:</b>	<input type="text"/>		
<b>NIF:</b>	<input type="text"/>	<b>Nº orde:</b>	<input type="text"/>

Aspirante definitivamente seleccionado/a na categoría de celador/a, queda discapacidade intelectual, no proceso selectivo convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde,

**SOLICITA:**

Os destinos ofertados mediante a Resolución do 3 de xullo de 2020, pola orde que consta a continuación:

Nº orde	LOCALIDADE
1º	
2º	
3º	
4º	
5º	
6º	
7º	
8º	

xullo de 2020

Sinatura,

**DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**  
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n. 15703. Santiago de Compostela



Edificio Administrativo San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tel.: 881 542 800 - Fax: 881 542 818  
recursos.humanos@sergas.gal  
www.sergas.gal

